Este **PROXECTO** nace grazas á colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a Asociación Española de Auditores Socio Laborais e o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia.

As mulleres **NON** poden seguir sendo vítimas de desigualdades e de episodios de violencia de xénero.

As comunidades de veciños e veciñas **NON** poden mirar para outro lado.

O **OBXECTIVO** do Proxecto é o de informar.

A **META** é conseguir que haxa máis mulleres que teñan información para **SAÍR** do círculo da violencia, e máis persoas, homes e mulleres, que rexeiten a violencia de xénero.

galicia
o bo camiño

SAE DO CÍRCULO DA VIOLENCIA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Colegio de Administradores de Fincas de Galicia

Asociación Española de Auditores Socio-Laborales

Prevención da violencia de xénero no ENTORNO VECIÑAL

XUNTA DE GALICIA

NON É VERDADE QUE...

A violencia dentro da casa é un asunto da familia que non debe de saír da contorna.

Os malos tratos ás mulleres é algo raro e illado.

Os celos son unha expesión de amor

Non hai maneira de romper coas relacións abusivas.

Isto só suceda en familias de baixos ingresos ou desestructuradas.

Os homes con problemas de adiccións, desempregados, con moita tensión no traballo... son violentos como efecto desas situa-cións

Cando unha muller di non, quere dicir si.

Unha muller maltratada é respon-sable do que lle ocorre por seguir convivindo con ese home.

ESTEA ATENTO/A ...

SE NA SÚA COMUNIDADE OBSERVA,ESCOITA OU VE que se produce algunha das manifestacións seguintes:

PRESENCIAR actitudes ou accións violentas, vexacións ou insultos dalgún veciño cara á súa parella.

OBSERVAR que algunha das súas veciñas presenta sen xustificación, negróns en cara ou corpo, ou roturas, ou se observa que son reiteradas

ESCOITAR gritos, golpes ou ruídos reiterados e anómalos.

NON VER a algunha das súas veciñas durante varios días, sen que exista ou coñeza causa aparente e que dita ausencia chame a atención.

OÍR choros de menores reiterados ou descontrolados, acompañado de ruídos ou feitos anómalos .

PERCIBIR nalgunha veciña un cambio grande de actitude cando a súa parella está diante.

QUE FACER?

Se ten sospeitas fundadas de que pode existir unha situación de violencia de xénero na súa comunidade:

· Chamar ao **016** ou ao Teléfono de Información ás Mulleres **900 400 273** e solicitar información.

·Se se trata de situacións de emerxencia chamar á Policía (**091**), Garda Civil (**062**) ou Emerxencias (**112**).

· Se é necesario, acompañar á vítima a un centro médico- sanitario.

·Solicitar información ou axuda ao seu Administrador/a de Fincas Colexiado/a.